

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,  
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**10184** *CORRECCIÓN de erros da Orde APA/1440/2005, do 17 de maio, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 143, do 16-6-2005.)*

Advertido erro no texto remitido para a súa publicación da Orde APA/1440/2005, do 17 de maio, inserta no Boletín Oficial del Estado, suplemento en lingua galega número 6, do 1 de xuño de 2005, procédese a emendalo mediante a oportuna rectificación:

Na páxina 916, segunda columna punto 5) do anexo, onde di: «Sementes e bulbos de *Allium ascalonicum* L., *Allium cepa* L., *Allium schoenoprasum* L., destinados á plantación.»; debe dicir: «Sementes e bulbos de *Allium ascalonicum* L., *Allium cepa* L., *Allium schoenoprasum* L., e vexetais *Allium porrum* L., destinados á plantación...».

## MINISTERIO DE FOMENTO

**10249** *Orde FOM/1839/ 2005, do 10 de xuño, pola que se modifica a Orde do 21 de xuño de 2001, sobre tarxetas profesionais da mariña mercante. («BOE» 144, do 17-6-2005.)*

A Orde do 21 de xuño de 2001 sobre tarxetas profesionais da mariña mercante desenvolve o réxime establecido no Real decreto 2061/1981, do 4 de setembro, sobre títulos profesionais da mariña mercante e no Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas.

A Directiva 2003/103/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro, modifica a Directiva 2001/25/CE, relativa ao nivel mínimo de formación nas profesións marítimas.

Esta orde ten como finalidade incorporar ao ordenamento xurídico nacional os aspectos da Directiva 2003/103/CE que inciden no ámbito da Orde do 21 de xuño de 2001; en particular regula, de acordo coa citada norma comunitaria, o procedemento de recoñecemento en España dos títulos profesionais expedidos polas autoridades marítimas dos Estados membros da Unión Europea.

A regulación ampárase materialmente no artigo 149.1.20ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante, e conta coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 2062/1999.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *«Modificación da Orde do 21 de abril de 2001 sobre tarxetas profesionais».*

Un. A disposición adicional segunda da Orde do 21 de xuño de 2001 terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. Procedemento de recoñecemento de titulacions profesionais de mariña mercante expedidas por Estados membros á Unión Europea.

O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderá recoñecer directamente os títulos profesionais expedidos por un Estado da Unión Europea conforme as disposicións seguintes:

1. O recoñecemento dun título profesional formalízase mediante a expedición da tarxeta profesional de mariña mercante cuxo modelo figura no anexo VII e conterá as mesmas atribucións e limitacións do respectivo título profesional en canto ás condicións de arqueo do buque, potencia propulsora, zona de navegación, ou calquera outra natureza, e polo mesmo prazo de validez que o título que se vai recoñecer.

2. O interesado, ou a compañía naval, deberá solicitar o recoñecemento do título á Dirección Xeral da Mariña Mercante, achegando a documentación seguinte:

a) Solicitude dirixida á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) Certificación de ter superada a proba de lexislación marítima española, de ser o caso.

c) Dúas fotografías tamaño pasaporte.

d) Fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte do interesado onde figuren os datos persoais relativos a nome, apelidos, data de nacemento, nacionalidade e domicilio.

e) Fotocopia compulsada da titulación profesional expedida pola Administración marítima do respectivo país en que figure o referendo internacional de conformidade co Convenio STCW, así como as atribucións, cargos, funcións e limitacións do título que se vai recoñecer. Se fose preciso, este documento deberase achegar cunha tradución para o castelán realizada por intérprete xurado oficial.

f) Certificado médico acreditativo de aptitude física, emitido polo Instituto Social da Mariña ou polo órgano competente doutro Estado, se fose preciso cunha tradución para o castelán realizada por intérprete xurado oficial.

g) Documento acreditativo de ter liquidado o importe das taxas que correspondan á emisión dunha tarxeta profesional.

Dous. O anexo I da Orde do 21 de xuño de 2001 terá a seguinte redacción:

Dous. O anexo I da Orde do 21 de xuño de 2001 terá a seguinte redacción:

**“ANEXO I  
Modelo de diploma de título profesional da mariña mercante**



Juan Carlos I Rei de España  
*Juan Carlos I, King of Spain,*

e no seu nome  
*and, in his name*

A ministra de Fomento,  
*The Minister of Infrastructure and Transports*

Por canto  
*In view that*

---

reúne os requisitos previstos pola actual lexislación, expídolle o título de  
*fulfils the requirements laid down by current legislation; I do hereby grant him/her the*

---

que faculta o interesado para o exercicio da súa profesión e para desfrutar dos dereitos que lle outorgan as disposicións vixentes.  
*that allows the holder thereof to exercise his/ her profession and enjoy the rights conferred thereon by the legal provisions in force.*

Dado en Madrid o \_\_\_\_\_  
*Given at Madrid, on \_\_\_\_\_*

O interesado  
*The holder*

O ministro  
*The Minister*

O responsable do servizo de Persoal marítimo  
*The Officer-in-Charge of Maritime Service Personnel*

Número \_\_\_\_\_ do rexistro correspondente  
*Number \_\_\_\_\_ at the relevant Register*

Tres. O anexo IV da Orde do 21 de xuño de 2001 terá a seguinte redacción:

“ANEXO IV

**Modelo de certificado de empresa naval, para efectos de acreditar períodos de embarque**

D. \_\_\_\_\_, con número DNI/Pasaporte (rísquese o que non proceda)  
 Mr. \_\_\_\_\_ *Identity Card/Passport numer (underline the correct one)*

\_\_\_\_\_, en calidade de capitán/representante legal da empresa (rísquese o que non proceda)  
 \_\_\_\_\_, *as Master/Representative of the Owner (underline the correct one)*  
 \_\_\_\_\_,

**Certifica que,**  
***Certify that,***

D. \_\_\_\_\_, *co título de*  
 Mr. \_\_\_\_\_, *with certificate as*  
 \_\_\_\_\_, *prestou servizos no buque que se indica,*  
 \_\_\_\_\_, *has been serving on board of the below named*  
*ocupando o cargo ou en calidade de* \_\_\_\_\_.  
 Ship, with the capacity of \_\_\_\_\_.

Data de embarque \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_\_\_, no porto de: \_\_\_\_\_,  
*Embarking Date* \_\_\_\_\_, *in the Port of*

Data de desembarque \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_\_\_, no porto de: \_\_\_\_\_,  
*Disembarking Date* \_\_\_\_\_, *in the Port of*

Total de días embarcado: \_\_\_\_\_  
 Number of days in the ship

**Datos do buque**  
**Identification of the Ship**

Nome do buque: \_\_\_\_\_, N° OMI: \_\_\_\_\_,  
*Ship's name* \_\_\_\_\_, *IMO Number*

Bandeira: \_\_\_\_\_; Clase de buque: \_\_\_\_\_,  
 Flag \_\_\_\_\_, Type of Vessel


GT/T.R.B.: \_\_\_\_\_ e potencia propulsora: \_\_\_\_\_ K.W.  
 GT \_\_\_\_\_ *and propulsion power* \_\_\_\_\_ *K.W*

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2 \_\_\_\_\_  
 In \_\_\_\_\_, of \_\_\_\_\_ of \_\_\_\_\_

*(Sinatura e selo do buque/empresa)*  
*(Sign and Ship or Owner's Stamp)*

Catro. O anexo VII da Orde do 21 de xuño de 2001 terá a seguinte redacción:

“ANEXO VII  
**Modelo de referendo para títulos expedidos por Estados da Unión Europea**  
 (Anverso da tarxeta)



**REFERENDO DO RECOÑECIMENTO DUN TÍTULO EN VIRTUDE DO DISPOSTO NO CONVENIO INTERNACIONAL SOBRE NORMAS DE FORMACIÓN, TITULACIÓN E GARDA PARA A XENTE DE MAR, 1978, EMENDADO EN 1995.**

-----  
*ENDORSEMENT ATTESTING THE RECOGNITION OF A CERTIFICATE UNDER THE PROVISIONS OF THE INTERNATIONAL CONVENTION ON STANDARDS OF TRAINING, CERTIFICATION AND WATCHKEEPING FOR SEAFARERS, 1978, AS AMENDED IN 1995.*

**O Goberno de España certifica que o título de: [.....], con número [.....], a favor de D. [.....], polo Goberno de . [.....], está debidamente recoñecido de conformidade co disposto na Regra I/10 do mencionado convenio, na súa forma emendada, e que o seu lexítimo titular está facultado para desempeñar as seguintes funcións, ao nivel especificado e sen máis limitacións que as que se indican, ata [.....]**

-----  
*The Government of Spain certifies that certificate: [.....] No.[.....], issued to [.....], by or on behalf of the Government of: [.....], is duly recognised in accordance with the provisions of Regulation I/10 of the above Convention, as amended, and the lawful holder is authorised to perform the following functions, at the levels specified, subject to any limitations indicated until: [.....]:*

FUNCÍONS / FUNCTIONS	NIVEIS / LEVELS	LIMITACÍONS / LIMITATIONS APPLYING

**O seu lexítimo titular pode exercer os cargos seguintes, especificados nas prescricións da Administración sobre dotación de seguridade**

-----  
*The lawful holder of this endorsement may serve in the following capacities, specified in the applicable safe manning requirements of the Administration:*

CARGO / CAPACITY	LIMITACÍONS / LIMITATIONS APPLYING

**Referendo N° [.....], expedido o [.....]**  
*Endorsement No.[.....], issued on [.....]*

**[Sinatura do funcionario debidamente autorizado]**  
*(Signature of duly authorised official)*

**[Selo oficial]**  
*(Official Seal)*

**[Nome do funcionario debidamente autorizado] [.....]**  
*[Name of duly authorised official]*

**Durante a prestación de servizos a bordo dun buque mercante, deberá estar dispoñible o orixinal deste referendo de conformidade co parágrafo 9 da Regra I/2 do Convenio STCW,**

-----  
*The orixinal of this endorsement must be kept available while serving on a merchant ship, in accordance with regulation I/2, paragraph 9 of the STCW Convention.*

**Data de nacemento do titular: [.....]**  
*Date of birth of the holder of the certificate [.....]*

[ **Sinatura do titular** ]  
*[Signature of the holder]*

Disposición derradeira primeira. «*Título competencial*».

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre mariña mercante

Disposición derradeira segunda. «*Entrada en vigor*».

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de xuño de 2005.

ÁLVAREZ ARZA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**10250** *ORDE PRE/1840/2005, do 10 de xuño, pola que se modifican os anexos do Real decreto 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos.* («BOE» 144, do 17-6-2005.)

A Directiva 2002/70/CE pola que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de PCB similares ás dioxinas nos pensos foi incorporada ao ordenamento xurídico interno mediante Real decreto 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos.

A última modificación foi introducida pola Directiva 2005/7/CE da Comisión, do 27 de xaneiro de 2005, que modifica a Directiva 2002/70/CE pola que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de PCB similares ás dioxinas nos pensos.

Mediante esta orde incorpórase a citada Directiva 2005/7/CE, a través da oportuna modificación do Real decreto 214/2003.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 214/2003, que faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para modificaren os seus anexos cando iso sexa consecuencia da modificación da normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, logo de informe da Comisión Intermi- nisterial para a Ordenación Alimentaria, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 214/2003.*

1) O anexo I do Real decreto 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos substitúese polo que figura como anexo desta orde.

2) No anexo II engadiráselle o parágrafo seguinte ao final do punto 2:

«Exclusivamente para efectos deste real decreto, o límite específico aceptado de cuantificación dun conxé-

nere individual será a concentración dun analito no extracto dunha mostra que produza unha resposta instrumental a dous ións diferentes, que se controlará cunha relación sinal/ruído (S/R) de 3:1 para o sinal menos sensible e o cumprimento de requisitos básicos tales como, por exemplo, o tempo de retención e a relación isotópica conforme o procedemento de determinación descrito no método EPA 1613, revisión B.».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial*.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 13.ª e 16.ª da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*.

Esta orde entrará en vigor o 18 de febreiro de 2006.

Madrid, 10 de xuño de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.

### ANEXO

#### Anexo I

Métodos de mostraxe para o control oficial dos niveis de dioxinas (PCDD/PCDF) e a determinación de PCB similares ás dioxinas en determinados pensos.

#### 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

As mostras destinadas ao control oficial dos niveis de contido de dioxinas (PCDD/PCDF), así como á determinación do contido de PCB similares ás dioxinas (\*) nos pensos, tomaranse de conformidade co disposto na Orde do 12 de maio de 1989 pola que se aproban os métodos oficiais de toma de mostras de alimentos para animais (pensos).

Deberanse aplicar as exixencias cuantitativas referentes aos controis das substancias ou produtos repartidos de maneira uniforme nos pensos previstos no punto 5.A do anexo da Orde do 12 de maio de 1989. As mostras globais así obtidas consideraranse representativas dos lotes ou sublotes dos cales se obteñan. O cumprimento dos niveis máximos establecidos no Real decreto 465/2003 determinarase en función dos niveis achados nas mostras de laboratorio.

#### 2. Conformidade do lote ou sublote coa especificación.

O lote será aceptado se o resultado analítico dunha análise única non supera o nivel máximo correspondente fixado no Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, tendo en conta a incerteza de medición.

Considerarase que o lote non respecta o nivel máximo establecido no Real decreto 465/2003 se o resultado analítico confirmado por unha análise por duplicado, e calculado como a media de polo menos dúas determinacións separadas, supera o nivel máximo fóra de toda dúbida razoable, tendo en conta a incerteza de medición.

A incerteza de medición poderase ter en conta conforme un dos seguintes métodos:

Calculando a incerteza ampliada, utilizando un factor de cobertura de 2, o que dá un nivel de confianza do 95 % aproximadamente.